



INFORMA

**UN ANO MAIS, SPJ-USO SEGUE LOITANDO POLA
CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR.**

AMPLIACIÓN DO HORARIO DE VERÁN

**DENDE O 1 DE XUÑO Ó 30 DE SETEMBRO (unha vella reivindicación
de SPJ-USO)**

**E ADAPTACIÓN DA ORDE DO HORARIO DE 2024 Á
NORMATIVA ESTATAL 2026 QUE ESTABLECE AS 35
HORAS SEMANAIS.**

Logo de acadar que a Dirección Xeral de Xustiza modificase xa no 2018 durante a vixencia do horario de verán, tanto o horario de entrada como o réxime das prolongacións de xornada e posterior modificación na Orde do horario de 2024, seguimos a loitar por mellorar as condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

SPJ-USO leva anos esixindo a **ampliación do horario de verán dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro conforme á normativa estatal, de aplicación supletoria conforme ó disposto na LOPX.**

SPJ-USO ven de presentar novo escrito solicitando que se amplíe a xornada intensiva de verán para o persoal ó servizo da Administración de xustiza, nos termos establecidos na Resolución de 12/6/2017 ditada pola Secretaría de Estado de Función Pública, que modifica a de 28-12-2012 e Resolución de 14 de abril de 2026 publicada no BOE o pasado mércores 15 de abril DE 2026 que acorda a xornada de 35 horas semanais, establecendo que:

“Por motivos de conciliación de la vida familiar y laboral, los empleados y empleadas públicos con descendientes o personas sujetas a su tutela o acogimiento de hasta 12 años de edad, siempre que convivan con el solicitante y dependan de este, estando a su cargo, podrán acogerse a esta modalidad de jornada intensiva desde el 1 de junio y hasta el 30 de septiembre. Este derecho podrá ejercerse también en el año en que el menor cumpla la edad de 12 años.

Igualmente, podrán acogerse a esta modalidad de jornada intensiva, desde el 1 de junio hasta el 30 de septiembre, los empleados y empleadas públicos que tengan

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Goreti 690377101

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@facuso.es

Bloque <http://spjusogalicia.com>



INFORMA

a su cargo personas que tengan reconocida una discapacidad igual o superior al 33 %, siempre que convivan con el solicitante y dependan de este.”

Entendemos que dita normativa e de aplicación supletoria para o noso colectivo (Artigo 500.2 LOPX: 500.2 establece: “2. La duración de la jornada general semanal será igual a la establecida para la Administración General del Estado”, e por iso, **seguiremos traballando para acadar a ampliación da xornada intensiva, en defensa da conciliación da vida familiar e laboral.**

A maiores do anterior, e a pesar de que **por acordo da Mesa Sectorial de Xustiza de Galicia na Xustiza galega “contrólanse” 35 horas semanais na xornada de Inverno, a normativa actual, de 2024, establece que na xornada de inverno o noso horario é de 37.5 horas semanais, polo que solicitamos a adaptación normativa da RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, sobre os horarios e o calendario laboral das oficinas da Administración de xustiza en Galicia para 2024, que establece no seu punto 4.1 “Con carácter xeral, nas oficinas e servizos da Administración de xustiza en Galicia, a xornada de traballo prestarase en xornada continua, cunha duración mínima de trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo mensual, o que equivale a mil seiscentas corenta e dúas horas anuais” e a súa adaptación á Resolución de 14 de abril de 2026 que establece “La duración de la jornada general será de 35 horas semanales de trabajo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a mil quinientas treinta y tres (1533) horas anuales”.**



**SPJ-USO: Sindicato maioritario na Xustiza galega
FEITOS, non palabras!!!**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Goreti 690377101

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@facuso.es

Bloque <http://spjusogalicia.com>